

Á atención do Presidente da Corporación municipal.

Moción do grupo municipal Por Chantada-CUP a prol dunha PAC axeitada para o interior galego.



Antom Fente Parada e Cruz Fernández Rodríguez, integrantes de pleno dereito da Corporación do Concello de Chantada e voceiros do grupo municipal Por Chantada-CUP, presentan ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do Regulamento Orgánico Municipal e 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais a seguinte MOCIÓN para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á ***Moción do grupo municipal Por Chantada-CUP a prol dunha PAC axeitada para o interior galego.***

A tal efecto, presentamos para a súa discusión, co alvo de suscitar a UNANIMIDADE da CORPORACIÓN que permita a súa aprobación, a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1.- A PAC: unha introdución para entender as políticas agrícolas da UE.

A **Política Agraria Común (PAC)** e os **fondos de cohesión** son dous importantes piares económicos sobre os que **pivotan os orzamentos para inversións reais tanto da Xunta da Galiza, canto de múltiples concellos**. A maiores, trátase de fondos europeos de importancia para o

noso **sector primario** que deberían merecer un estudo e atención central por parte das forzas políticas. No entanto, a realidade é que a PAC segue sendo unha grande descoñecida e poucas persoas na Galiza seguiron a súa actual evolución e as mudanzas previsíbeis neste eido, a pesar de que ten unha relevancia extrema para o noso país e de que o financiamento da agricultura axudou a manter unida a UE.

A PAC absorbe hoxe por volta de **40% dos fondos da Unión europea** que, contodo, están lonxe de achegarse a uns orzamentos axeitados para a integración fiscal e política necesaria a toda unión monetaria se quere durar no tempo. Sexa como for, falamos de **60.000 millóns anuais de euros** ou, por outras palabras, **cada cidadán europeo achega anualmente 114 euros a esta política**. A PAC ten **dous piares**:

- O primeiro é o **Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA)** con **75% dos fondos**, que cobre, principalmente, pagos que se asocian ao tamaño das explotacións cunha media de 267€ por hectárea. Os pagos directos, que se implementaron coa reforma de 1992, elévanse ao 72% do orzamento total da PAC (2014-2020) e ascenden a 293.000 millóns de euros (2014-2020), porén **82% do total destínase a apenas 20% dos receptores**¹. Destes pagos 90% son pagos directos dissociados, é dicir, vencellados á superficie mais que non requiren que o agricultor produza, o que favorece o latifundio e non a produción alimentar, a ordenación do territorio e a equidade social. A Comisión europea (CE) prevé recortar este pilar nun 10%.
- O segundo é o **Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)**, cobre aspectos ligados a programas de desenvolvemento rural, produción ecolóxica e medidas para protexer o medio ambiente e o clima. **Só recibe 25% dos fondos** e o seguimento da aplicación deses fondos por parte das administracións públicas –tamén concellos– e outros organismos como os GDR ten sido moi deficiente, favorecendo inversións non produtivas, escasamente ligadas ao rural e á defensa da natureza, etc. **A CE recortará en máis de 27% este pilar no seguinte período de negociación (2023-2028)**².

Cómpre lembrar que **os Estados poden contribuír a promover o desenvolvemento rural**

1 A proporción aínda é máis escandalosa se temos en conta que máis do 30% do total percíbena 131.000 dos 6.7 millóns de explotacións agrarias da UE. Na Galiza que cobren máis de 100.000€ de pago básico só hai dúas explotacións. Finánciase e amplifícase a desigualdade mediante inxeccións macizas de diñeiro público en canto se vacía o rural e se deixa sen futuro á mocidade que aposta por el. A PAC favorece o intensivo, xa que ao exposto é mester engadir 15% de fondos para axudas á produción, por animal ou rendimento unitario de cereais, e a maioría das axudas á inversión destínanse tamén ao intensivo. Só

2 No período 2014-2020 100.000 millóns de euros dos 409.000 millóns de euros do orzamento agrícola total.

sustentábel con programas propios e asignando parte da PAC do primeiro para o segundo piar. Para o período 2014-2020, Austria dedica 44% do seu fondo combinado para o segundo piar, Franza apenas 17%. O Reino de España, que podería trasparasar 25% do primeiro para o segundo piar ou até máis nalgunhas circunstancias, non muda en nada a asignación orixinal (8.300 millóns de euros). Isto deberá cambiar perante a notábel baixada do segundo piar (-27%), xa que 1/5 da poboación europea é rural e mantén e sustenta o territorio. Amais, o segundo piar é a parte máis beneficiosa da PAC porque se pode adaptar ás necesidades locais e apoiar o ben común e o interese público no lugar de repartir axudas económicas por superficie para engordar á agroindustria. De feito, o fortalecemento do segundo piar da PAC debera ser prioritario nun contexto de abandono masivo da actividade agraria que mantén e ordena o territorio, en concreto habería que incrementar as liñas de axuda que fomentan a incorporación de mozos ou a contratación estábel. Os criterios de reparto destas axudas adoitan estar mal orientados (caso galego) non distinguindo entre producións sustentábeis e producións intensivas, e primando o endebedamento e a dependencia das novas explotacións da agroindustria e do capital financeiro.

Desta arte, imos clarificando como a orientación errónea da PAC impulsou, por un lado, a intensificación nas zonas máis produtivas, convertendo o Vello continente no principal exportador e importador de alimentos; e, por outro lado, favoreceu o abandono das prácticas agrarias de maior valor socioambiental, causando importantes impactos negativos sobre a riqueza natural do medio rural e os seus habitantes. O 70% deste orzamento da UE emprégase para pagos por hectárea sen requisitos estritos, polo que quen ten moita terra recibe moito diñeiro e, deste xeito, **3.1% das exploracións agrarias manexan máis da metade das superficie agraria da UE, que abrangue 175 millóns de hectáreas, ao tempo que entre 2003 e 2013 un terzo de todas as labregas e labregos cesaron a súa actividade**³. Entón, o segundo piar ficar orfo e, amais, a intensificación que propicia este acaparamento de terras fai que parte dos fondos deste segundo piar nalgunhas das liñas que contribuirían para o desenvolvemento das pequenas e medianas granxas acaben tamén nas maos de grandes propietarios e da agroindustria. Parte do segundo piar perde o obxectivo para o que foi creado e pasa a ser un ingreso máis das grandes explotacións.

De por parte, a reunión do **Consello europeo**, cimeira que se desenvolveu entre os días 17 e 21 de xullo, **recorta o orzamento en 12.2% xa para 2021, ou sexa 804 millóns menos, e pérdese no**

³ Bartz, Dietman (2019): *Atlas de la PAC. Hechos y cifras sobre la Política Agrícola Común 2019*. Alemaña: Heinrich Böll Stiftung-SEO BirdLife (última consulta 22/07/2020). O territorio europeo agrupa máis de dez millóns de fincas, un terzo localizadas na Romanía, 13% en Polonia e séguenlle Italia e o Reino de España.

orzamento adicional para Desenvolvemento Rural até 7.500 millóns de euros, é dicir a metade do seu tamaño orixinal⁴.

Todo isto na secuencia dunha agricultura europea cada vez máis polarizada, a imaxe e semellanza das sociedades cada vez máis desiguais e dualizadas. **A está hoxe distribuída de maneira máis desigual que a riqueza na UE**, o cal ameaza a xustiza social e destrúe emprego e formas de vida ligadas ao territorio; liquida a multifuncionalidade e penaliza o medio ambiente; e impide a soberanía alimentar dos pobos favorecendo as transnacionais da agroindustria. Un proceso de concentración de capitais cada vez máis exacerbadado que acentúa a grave crise demográfica e social nas comunidades rurais que vén como cada vez son máis dependentes e sofren unha perda continua de servizos.

As pequenas empresas familiares seguen a ser a maioría en termos cuantitativos e en mao de obra, **80% das exploracións da UE teñen menos de 10 hectáreas e apenas ocupan 10% da terra dispoñíbel**. Porén, diminúen aceleradamente, de feito 96% das que desapareceron entre 2003 e 2013 tiñan menos de 10 hectáreas. Ao tempo que as grandes e moi grandes aumentan en número e relevancia económica. **As explotacións de máis de 100 hectáreas representan só 3% das da UE, mais incrementáronse 16% entre 2005 e 2013 e empregan 52% de todas as terras agrícolas. As consecuencias: destrución maciza de postos de traballo, diminución da diversidade de sistemas e produtos agrícolas, aumento das prácticas predadoras, intensivas e lesivas para o medio ambiente**⁵. Os subsidios e as regras de mercado da PAC, así como a liberalización dos mercados agrícolas, son os factores responsábeis destas tendencias, por exemplo o pago por hectárea entrou en vigor en 2003 favorecendo os latifundistas e dificultando moito a incorporación da mocidade sen terra herdada⁶. No tocante á **mocidade, a actual PAC só dedica 2% do seu orzamento a apoiala** e, como veremos, eses fondos están moi mal orientados, de xeito que **recibiron axudas 190.000 entre 2007 e 2013** fronte aos 3.5 millóns de agricultores con 65 ou máis

4 “European Council conclusions, 17-21 July 2020” dispoñíbel en <https://www.consilium.europa.eu/pt/press/press-releases/2020/07/21/european-council-conclusions-17-21-july-2020/> (última consulta 22/07/2020).

5 O regadío representa 80% da demanda consuntiva de auga no Estado español e é unha das principais causas de presión sobre ecosistemas acuáticos, a sobreexplotación e a contaminación, degradación, redución e alteración de humedais e caudais circulantes. Nun contexto de clara mudanza climática podemos permitírnos o luxo de seguir alimentando este modelo? A PAC favorece modelos intensivos agrarios en detrimento do secano e doutros sistemas tradicionais máis sustentábeis. O Reino de España ten, xunto a Alemaña, as maiores concentracións de nitratos da UE nas augas (o máximo aceptábel na auga potábel é 50 mg/litro).

6 Un paradigma ben coñecido das consecuencias da liberalización témolo en Chantada no mercado do leite. A política leiteira da UE foi liberalizada en 2015 suprimindo as *cotas* introducidas na década de oitenta do século pasado. Isto permitiu á industria exportar moito máis e, ao tempo, que o mercado mundial sofresse un colapso que a industria repercutiu nos produtores, obrigando a estes a endebedarse, fechar ou receberen axudas de emerxencia nalgúns estados.

anos.

Daquela, a mocidade que logra acceder á terra atópase co hándicap de que as inxustas regras de mercado lles obrigan a endebedarse, en moitas ocasións, case de por vida para facer os investimentos que a actividade require. Estase reforzando o papel de entidades financeiras, empresas de maquinaria, agroindustria etc. Á vez que se tendeu e se tende ao desmantelamento dun sistema de aconsellamento público, gratuito e de calidade para fomentar o negocio privado. Isto produce unha cadea que se retroalimenta e precariza as condicións das granxas e da contorna rural. A Xunta de Galiza está a desmantelar paulatinamente as oficinas de extensión agraria e a privatizar moitos dos traballos que antes se levaban a cabo nestas, supoñendo un custo maior para as explotacións.

Son necesarios bancos de terras e instrumentos públicos de intervención eficaz que fixen prezos mínimos e condicións de vida digna no medio rural. A alternativa é a crecente desigualdade, o despoboamento e o abandono e crecentes fenómenos de **acaparamento de terras**, por exemplo en Hungría extranxeiros (bancos, fondos de inversión, compañías de seguros etc.) compraron por volta dun millón de hectáreas nos últimos 20 anos e en Bulgaria, entre 2006 e 2012, o prezo da terra incrementou 175%. **Os prezos da terra están subindo en toda Europa** e nalgúns estados existe unha auténtica bolla xa, caso de Holanda, Bélxica e Dinamarca. No Estado español o incremento desde 2011 foi continuado e máis do que duplica a mediana do prezo francés. A isto debemos engadir o que o modelo intensivo favorece no resto do mundo: só en 2017 as empresas de pensos importaron 33 millóns de toneladas de soxa e de fariña de soxa, que está destruindo as maiores reservas de auga doce do planeta en estados como Paraguai, Brasil e Arxentina.

Canto ao **benestar animal**, apenas **1.5% dos fondos do exiguu segundo pilar se destinaron entre 2014 e 2020** a isto. A UE desembolsou no total 205 millóns de euros ao ano (35 en Alemaña) que contrastan coas subvencións por superficie (40.000 millóns de euros e só para Alemaña 5.000 millóns). Se nun futuro próximo queremos evitar a propagación de enfermidades nos animais que teñen efecto na alimentación das persoas e por ende na saúde, é dicir, reforzar a nosa seguridade e soberanía alimentares débense reforzar os investimentos en benestar animal. Isto tamén é importante para controlar e reducir a posibilidade de zoonoses, causa probábel da actual pandemia da COVID-19.

Case o 30% do territorio do Estado español está na **Rede Natura 2000** e desta máis de 40% destínase á actividade agraria, como sabemos ben en Chantada, onde temos o LIC Monte Faro e a

reserva de biosfera da Ribeira Sacra que abrangue 10% do territorio galego. A SAU de montaña que achega o conxunto do Estado representa 8% da produción agraria da UE. Porén, non atender á proposta de pago básico que aquí anunciamos e o reparto ineficiente e inxusto das axudas perxudica novamente estes territorios e favorece o despoboamento.

As organizacións de pequenos agricultores, así como os grupos de medio ambiente e desenvolvemento quéixanse de que os procesos de negociación da PAC dilúen calquera tentativa de reforma que vise pór de lado o obxectivo case único de manter os ingresos dos grandes agricultores e sendo **1.4% do PIB da UE** absorbía até 2019 38% do orzamento, a maior partida orzamentar de por volta de 58.000 millóns de euros⁷. Lembremos que, para 2016, a agricultura tiña o equivalente a 9.5 millóns de postos de traballo, sumando tempo parcial e temporal, é dicir, **4.4% do emprego total da UE**. No entanto, a asignación de pagos por hectárea e non por traballador fomenta a expansión das exploracións e eleva os prezos do solo, en lugar de apoiar o emprego. Deste xeito, en promedio canto menor é o número de traballadores maior é o tamaño da propiedade e o peso dos subsidios na proporción dos ingresos agrarios. U-la **condicionalidade social** da PAC? U-las posicións da Consellaría de Medio Rural para defender os intereses das galegas e dos galegos⁸?

2.- O período transitorio da PAC (2021-2022).

O **período transitorio da PAC** vai durar, definitivamente, dous anos (2021-2022) e, portanto, non haberá *nova* PAC até 2023. Isto dános tempo suficiente para pular desde o interior galego por unha PAC que realmente estexa ao servizo do noso país, do seu territorio e das súas xentes, nomeadamente as produtoras e produtores do mundo rural. Mais as negociacións decisivas están correndo xa e nos próximos seis meses perfilarase todo. **A reforma da PAC ten que ser unha oportunidade para o interior galego**, pois precisamos unha nova política que impulse a transición cara a sistemas alimentares sustentábeis, recuperando o protagonismo de produtores e consumidores na cadea alimentar e promovendo a produción e consumo de alimentos saudábeis, en ecosistemas sanos. Para isto, é vital mellorar a participación pública no deseño das políticas e **reforzar o papel da sociedade civil** tamén sendo conscientes dos constrinximentos das políticas europeas e da ausencia dun federalismo social e dunha integración política e social e non apenas monetaria⁹.

7 Cómpre matizar que a súa evolución é claramente descendente, xa que en 1988 representaba 55% do orzamento e a crise económica de 2020 aínda vai facer baixar máis o seu peso relativo.

8 “Días decisivos para o futuro da Política Agraria na Galiza: sen noticias da Consellaría de Medio Rural” in *Sindicato Labrego Galego*, 23/07/2020 (última consulta 23/07/2020).

9 No nome da agricultura produciuse o primeiro incumprimento ao aprobarse o *cheque británico* en 1985 para aplacar a

No período transitorio, vanse dar as seguintes circunstancias:

- Os **pagos directos** van seguir como están, é dicir, financiados 100% pola UE e abonados a aqueles produtores que contan con dereitos de pago. As contías van depender do correspondente *Marco Financeiro Plurianual (2021-2027)*¹⁰ e baixarán, dadas as negociacións en Bruxelas sobre o *Fundo europeo de reconstrución*, cuxa dotación suporá recortes na principal e case única política común do exíguo orzamento europeo: a PAC.
- Os fondos para **desenvolvemento rural** dependerán do que faga a Consellaría de Medio Rural, se prorroga sen modificacións o actual PDR ou se opta por inserir modificacións adiantándose ao que está por vir e ao cenario de mingua financeira. O SLG tense dirixido en reiteradas ocasións á Consellaría neste sentido, mais sempre sen obter maior resposta que a evidencia de que aínda non saben que farán... Cómpre lembrar que **de desenvolvemento rural saen bastantes fondos para os concellos pequenos e as axudas de agroambiente e clima** para as exploracións son de extrema importancia.
- As **axudas de agroambiente e clima** prorróganse neste 2020 como estaban, mais ao seren compromisos plurianuais descoñécese se a nova convocatoria será en prazo (2021, ábrese cada 4 anos) ou se adía até a fin do período transitorio (2023). Neste momento a xente que cumpre vive, pois, na incerteza.

3.- A nova PAC (2023-2028).

A respecto da **nova PAC (2023)** o Ministerio está no mes de xullo traballando no asunto con xuntanza con todas as consellarías o 23 do mes de Santiago. Nesa xuntanza as consellarías deben levar a súa posición e propostas sobre temas importantes para o futuro da PAC na Galiza, mais descoñécese as de Medio Rural. A cerna da PAC é tan complexa que nen desde os propios

Margaret Thatcher, evitando así dous terzos da contribucións netas de Gran Bretaña (en 2019 o cheque acumulado ascendía a 129.000 millóns de euros). Co Brexit semellaba que esta excepción ía rematar, mais agora implementarase para Holanda, Austria e varios dos estados máis ordoliberais da UE.

¹⁰ O *Fundo europeo de reconstrución* está dotado con 750.000 millóns de euros e non 1.5 como demandaban, entre outros, o Reino de España ou a República de Portugal e onde só 390.000 millóns de euros serán bonos emitidos polas institucións europeas e suxeitos a condicións, ben lonxe aínda dos Eurobonos, a mutualización da débeda e as reciclaxes sociais e ambientais dos superávits. Perigan 750.000 millóns de euros dos Fondos de cohesión e descoñécese, aínda, os importes que se verán retraídos en total da PAC máis que poden rondar os 1.000 millóns de euros directa e indirectamente e, en todo caso, superan os 600. O Reino de España recibirá 140.000 millóns (209.000 para Italia e 45.000 para Portugal) distribuídos do seguinte xeito: 390.000 millóns de euros en axudas directas e 360.000 millóns en empréstitos. O Orzamento plurianual 2021-2027 ascenderá a máis dun billón de euros (1.074), a metade en todo caso do que se demandaba desde a Eurocámara.

sectores se entende sempre ben, mais facelo é fundamental e é moito o que está en xogo para o interior galego.

A CE, por exemplo, propón eliminar o pago verde (desde 2013 30% dos pagos directos suxeitos a “condicionalidades”) e que os estados membros os substitúan por ecoesquemas. A súa aposta é que os pagos directos continúen sendo o principal apoio da agricultura, aínda cando sabemos que son ineficientes ao vencellarse a hectáreas cultivadas e non a resultados e alvos específicos; son socialmente inxustos, ao favorecer fundamentalmente a oligarquías latifundistas e rendistas e non os baixos ingresos de moitas pequenas exploracións ou até das medias que non cobren os custes de produción pola falla de regulación do mercado.

Precisamos unha PAC ao servizo das persoas e do territorio. Até o de agora a PAC eliminou labregos e labregas e foi un fracaso canto ao mantemento da agricultura familiar no territorio e tamén no tocante ao establecemento de rendas dignas para as produtoras e produtores¹¹. O modelo para a Galiza, que deixou inúmeros montantes de débedas, monocultivo de millo e acaparamento crecente de terras, foi a substitución da agricultura tradicional familiar por exploracións intensivas que producen grandes cantidades de materia prima barata para a agroindustrial e para a exportación. O resultado? **Cada tres minutos desaparece unha granxa en Europa.**

En toda Europa as dificultades para os labregos, para as pequenas e medianas exploracións, son análogas: eivas no acceso á terra, ás sementes, ao crédito e, sobretudo, a mercados xustos. Así as cousas, cada vez tórnase unha maior odisea cubrir os custes de produción, redundando nunhas condicións de traballo que se degradan, ora pola maior autoexploración das e dos titulares, ora polas piores condicións laborais para as persoas empregadas. Desta arte, a reforma da PAC debería considerar que a intensificación, concentración e aumento constante da produtividade e da produción destinada á exportación apenas xeraron efectos contrarios aos previstos: perda de agricultores, abandono de lugares, envellecemento da poboación agraria, falta de relevo, niveis insustentábeis de endebedamento, graves problemas ambientais... e así seguido.

É mester avanzar nunha transición cara a a modelos agroecolóxicos con garantía de prezos xustos para produtoras e produtores deixando atrás un modelo que destrúe emprego e biodiversidade a

11 Sobre a fortaleza das pequenas e medianas exploracións galegas e a súa competitividade, malia as desastrosas políticas de ordenación do territorio e a falla de orientacións e asesoramento axeitado, véxase o libro de Emilio V. Carral Vilariño e Xoán Carlos Carreira Pérez, profesores da USC, intitulado *O pequeno é grande. A agricultura familiar como alternativa* (Compostela: Através editora, 2014).

partes iguais, tanto en Europa canto no resto do mundo, e contribúe en grande medida para a mudanza climática. **O actual sistema de alimentación só favorece a agroindustria.**

En consecuencia, a *nova* PAC debería:

- Contar cunha **dotación orzamentar suficiente**, non sendo de recibo unha baixada no orzamento e un aumento no cofinanciamento das axudas de desenvolvemento rural.
- Tender para a **simplificación** para favorecer a súa comprensión e xestión.
- Apostar por **servizos de asesoramento públicos** para as exploracións, a comezar na Galiza por reverter o desmantelamento das oficinas comarcais agrarias e contribuindo, de forma decidida, para a mudanza cara a un sistema agroecolóxico, diversificado e extensivo. En calquera caso, asesorar no cumprimento da lexislación sobre a auga, diminución do uso de pesticidas, fitosanitarios e antimicrobianos, acceso e trámite a axudas, etc.
- Considerar que o **desenvolvemento tecnolóxico** baseado na dixitalización non é bon *per se*, ao que na Galiza debemos somar a falla de acceso á Internet, en condicións análogas ás urbes canto a velocidade e prezos, ou os frecuentes microcortes de luz. A dixitalización, a robotización e o uso de datos macizo supoñen grandes inversións e, sen a axeitada formación, a perda de control sobre a exploración podendo ter o efecto contrario ao agardado, quere dicir, mais abandono e deserto verde para o interior galego.
- Estabelecer **topes por persoa (labrega ou labrego) e por granxa en ningún caso superiores aos 60.000€**, calquera que sexa o número de UTAs ou o número de empregados. A proposta da Comisión Europea (CE) permite que todo siga igual, aínda cando, segundo as súas propias cifras, menos de 1% das granxas europeas se verían atinxidas por este tope. Non se pode xustificar que teñamos exploracións que cobran cantidades desorbitadas de PAC.
- Impulsar **un só pago como axuda básica á renda** incrementándose para as persoas instaladas na agricultura ou na gandaría nos primeiros cinco anos e para as persoas titulares dunha explotación nunha zona considerada de alta montaña, xa que os pagos directos dissociados non poden seguir pagándose por hectárea. Este sistema de asignación de pagos directos sobre a base da superficie conduciu a unha grande concentración dos pagos sen ter en conta os diferentes modelos agrícolas (extensivo, semiextensivo ou intensivo) ou o nivel de renda. As axudas debe estar ligadas á actividade, non basearse en ningún caso en dereitos históricos e servir realmente para conseguir equiparar as rendas dos e das agricultoras á media da renda do Estado. Outro problema do sistema proposto segue sendo que a axuda redistributiva complementaria á renda e á axuda para a mocidade vai tamén en función das

hectáreas. Así, sigue xerándose unha concentración dos pagos nas persoas ou explotacións que xa cobran e nada nas que non teñen dereitos de pagamento. Na Galiza determinados sectores quedaron sistematicamente fóra destas axudas: horta, apicultura, fruticultura, viñedo...

- Destinar as **axudas para as persoas que producen alimentos**, a tempo completo ou parcial, para o que cómpre unha **definición precisa de agricultor/a xenuíno ou xenuína**: en ningún caso se considerará como tal o propietario ou propietaria dunha granxa intensiva sen terra, solicitarase un requisito de residencia e definirase agricultor/a a título principal e pluriactivo en función da renda e do tempo que destina á actividade.
- Os futuros **Planos estratéxicos** de cada estado deben por en marcha medidas efectivas de apoio aos sistemas de alto valor natural (SAVN), como a reserva de biosfera Ribeira Sacra, incluíndo *eco-schemes* e así contribuír para transitar para un modelo de pago por servizos baseados en obxectivos e prácticas agrarias que apoien a agricultura que proporciona bens públicos e non aquela fundamentada en dereitos históricos ou intereses sectoriais sen beneficios públicos.
- Aumentar o orzamento destinado a medidas agroambientais e climáticas destinadas á agricultura ecolóxica, que actualmente é apenas de 6.4% cando a superficie para a agricultura ecolóxica no Estado abrangue xa dous millóns de hectáreas, a maior área de produción absoluta.

Aínda que a nosa proposta é dunha axuda básica á renda somos conscientes de que esta pode non ser aceite. Nese caso, acreditamos que no resto dos pagos directos, como mínimo, débese atender a:

- ◆ A **axuda que figura para pequenos e pequenas agricultoras**, cun máximo de 1.250 euros, non ten ningunha eficacia en canto axuda á renda. Non pode figurar ese importe no Regulamento. **Propoñemos como máximo 7.500 euros.**
- ◆ A **axuda redistributiva á renda** debe modificar o sistema de pago. Se o importe máximo é por hectárea e é unha cantidade tan pequena, realmente non serve como axuda redistributiva.
- ◆ **Axuda complementaria á renda para a mocidade.** Ten que modificarse para que permita o pago ás **persoas incorporadas**, sexan mocidade ou non, e o pago non pode ser en función dos dereitos de pago e das hectáreas. A proposta é **que o pago sexa automático cando esa persoa sexa beneficiaria dunha axuda á incorporación** e polo número de unidades mínimas que se lle solicitan para dita axuda. No caso das persoas que non solicitan axuda á incorporación, pago previa solicitude demostrando a actividade.

- ◆ As **axudas asociadas** tamén teñen que ter topes máximos. **En ningún caso se pode financiar coa PAC agrocombustíbeis.**
- ◆ A **condicionalidade reforzada**. Estamos completamente de acordo con que toda a agricultura e a gandaría debe cumprir **requisitos de boas prácticas** en todo o relativo ao cambio climático, a auga, a diversidade, ás paisaxes, aos nitratos... Agora ben, asegurar nos papeis o cumprimento destes requisitos supón unha burocracia considerábel e, en ocasións, con interpretacións contraditorias. E temos a constante **contradición do apoio á agricultura e á gandaría industrial** que xeran problemas que pagamos entre todas e todos.
- ◆ A **converxencia por hectárea** sigue favorecendo un reparto nada equitativo e inxusto.

3.1.- Desenvolvemento rural.

Canto ao **desenvolvemento rural** na *nova* PAC:

- Priorizar en grande medida as mulleres e os acabados de chegar, sexa ou non mocidade;
- as medidas de apoio para a transición a sistemas agroecolóxicos;
- unha verdadeira política de instalación de persoas produtoras de alimentos;
- un impulso decidido aos mercados locais e ás compras públicas;
- alavancas para evitar que a inclusión de instrumentos financeiros se empregue para promover inversións e endebedamentos desmesurados.

Non se pode atribuír a estes fondos a capacidade de solucionar os problemas de servizos públicos que teñen os territorios rurais, como no caso do interior galego: os Estados teñen que dispor de fondos que garantan un nivel de servizos públicos axeitados no medio rural e equivalente aos do medio urbano, cando menos nos servizos básicos esenciais como a sanidade ou a educación. As axudas que se conceden para inversións deben ter límites, tanto para as exploracións canto para as empresas transformadoras.

3.2.- Tipos sectoriais de intervencións.

Os tipos sectoriais de intervencións pasan de estar no Regulamento da OCM ao Regulamento dos Planos Estratéxicos. Se houbo un cambio substancial da PAC, estas intervencións sectoriais non terían obxecto. Caso contrario, pedimos no **sector apícola** a distinción entre apicultura non profesional e profesional, apoiando as dúas modalidades. No **sector do viño**, os programas operativos non serven para a Galiza con moi pequenas superficies, mais que manteñen a actividade

económica e a paisaxe, nomeadamente na Ribeira Sacra. Portanto, necesitamos unha adaptación das axudas previstas para reestruturación e conversión de viñedos e tamén para as inversións en adegas moi pequenas.

A posibilidade de abrir tipos sectoriais de intervencións a outros sectores, cos obxectivos do artigo 59, parece que privatiza definitivamente o control das producións e a xestión das crises.

2.3.- Regulamento da OCM.

A respecto do regulamento da OCM, foi xa baleirado do seu contido nas sucesivas reformas da PAC. Apostamos por un debate a nivel galego deste regulamento porque nunca entra no debate da PAC e aínda é fundamental en moitos sectores. En principio, prevese unha modificación pequena nesta reforma, porén, aínda así, hai cuestións importantes, entre outras moitas cuestións que habería que repensar no Regulamento da Organización Común de Mercados. :

- Dotalo das ferramentas necesarias para a regulación dos mercados e o control das producións.
- Regular a autorización de plantacións de viñedo de forma que permitan condicións favorábeis para as superficies moi pequenas, non admitir a especie *vitis labrusca* para a elaboración de viño, non permitir a introdución do termo viño desalcoholizado.
- Regular os contratos do leite e o resto de contratos de tal forma que estableza a obrigatoriedade de que o prezo cubra custes de produción e que remunere o traballo.
- Permitir a negociación colectiva dos prezos criando verdadeiras organizacións de produtores que cumpran a súa función e non sexan só un sistema de acaparamento de subvencións para quen as impulsa.

4.- Que defendemos na Galiza para a inclusión no Plano Estratégico?

4.1.- Situación de partida da Galiza.

A estrutura económica e social da Galiza conta coas súas particularidades que, igualmente, se fan notar no sector primario por múltiples factores, a comezar pola distribución da propiedade da terra e o predominio do minifundio.

O descenso de perceptores da PAC na Galiza nos últimos anos foi moi acusada e, segundo o FEGA, no 2013 había 35.871 perceptores de pago único (importe de 117,7 millóns de euros) e no ano 2018 houbo 27.117 beneficiarios e beneficiarias de pagos desacoplados por un importe de 111,2 millóns de euros. É dicir, **desde o ano 2013 ao ano 2018 desapareceron case 25%** (posibelmente máis) **de perceptores e perceptoras da PAC na Galiza e máis de 6 millóns de euros ao ano**. Un descenso moi acusado foi na solicitude de pequenas e pequenos agricultores no actual período: no ano 2016 9.696 perceptores e perceptoras e no ano 2018 5.328 perceptoras e perceptores. Así as cousas, as axudas do REGPA perdéronse pola elevación da contía mínima para ter dereito ao pago por unha banda, e, pola outra banda, pola introdución de criterios inxustos no pago por hectárea tales como que se debe cubrir o total dos dereitos para non perder este pago, doutro xeito pérdese aínda que a redución da superficie fora mínima. Isto é inxusto pois o que se busca é eliminar perceptores de PAC que en realidade fan un labor social e de mantemento do territorio fundamental en moitos concellos envellecidos e gravemente despoboados.

Segundo eses mesmos datos do FEGA, **5.328 beneficiarios e beneficiarias sono por pequenas exploracións (e cobran unha media de 693 euros) e uns 6.000 teñen máis de 65 anos**. A afiliación ao SETA na Galiza no 2019 foi de 29.013 persoas, ou sexa, **unha parte moi importante das persoas afiliadas ao SETA non teñen axudas da PAC na Galiza**. No resto do Estado é precisamente ao revés (693.807 solicitudes presentadas fronte a unha filiación no SETA de 261.772). Desta arte, **a Galiza ten os piores datos do Estado canto á queda de afiliación ao SETA: 36% entre 2009 e 2019**. A media do Estado é de -12% e hai comunidades cun saldo positivo.

A maiores, no caso galego **o importe medio de pago básico é substancialmente menor que a media española (2.699,96 euros fronte a 4.011 euros) e o valor medio dos dereitos é de 187,26 euros, máis baixo que a media do Estado e ca media da UE**. O número de exploracións na Galiza que teñen pagos directos por encima dos 60.000 euros é moi pequeno e en moitos casos son explotacións procedentes de fusións. De feito, só existe, no ano 2018, segundo datos do FEGA, unha explotación en toda a Galiza que teña máis de 60.000 euros de pago básico.

As axudas acopladas son importantes cuantitativamente para Galiza e para os subsectores bovinos de leite e de carne, fundamentalmente. **As axudas acopladas de ovino e cabrún practicamente desapareceron**: segundo datos do FEGA, houbo 173 beneficiarias en ovino e 23 en cabrún para toda a Galiza. Isto débese a inacción da Xunta de Galiza que leva adiando a creación de matadoiros

móbiles, ou sistemas de sacrificio axeitados e de baixo custo, tal como se fai noutras CCAA, sistemas que permitan o sacrificio nas granxas e eviten que as explotacións de ovino e cabrún galegas perdan as axudas asociadas por ovella e sacrificio. A perda destas axudas redonda na precarización e a difícil profesionalización do sector ovino e cabrún.

As consecuencias do modelo, da orientación e da aplicación da PAC ensaríllanse cunha ordenación do territorio desastrosa. Entre o ano 1985 e 2005 na Galiza o 43% da superficie agraria cambia de uso. **A superficie agraria útil representa menos da cuarta parte da superficie total da Galiza, a metade que na UE, e a perda de SAU entre 1985 de 2015 cífrase entre 160.000 e 185.000 has** (Eduardo Corbelle e Rafael Crecente). **As plantacións de eucalipto e piñeiro pasaron a ocupar 378.718 hectáreas máis de territorio, das cales 150.000 hectáreas plantadas en solos agrícolas nos últimos 30 anos. A porcentaxe de superficie florestal que ten a Galiza a respecto do seu territorio (69%) é a mesma que Finlandia e Suecia.**

Nas **exploracións de leite** que resisten, desde a conversión e a crise permanente do sector encetada a partires da entrada no mercado común europeo en 1986, fano cunha autoexploración das persoas titulares e coa degradación das condicións laborais das persoas asalariadas. É o único mecanismo moitas veces para evitar o feche ao ter **os prezos máis baixos de todo o Estado e de boa parte de Europa**. As OPLs e os contratos lácteos non significaron poder real de negociación nen mellora dos prezos para un sector fundamental para a comarca de Chantada que é motor económico e contribúe decididamente a manter o sector servizos vilego.

O **acceso á terra** continúa sendo unha materia pendente en canto se favorecen novas fórmulas de acaparamento *latu senso* en detrimento das pequenas e medianas exploracións, aínda máis acirrantas no caso do extensivo e o ecolóxico. Experiencias pasadas con potencial como o Banco de Terras, impulsado pola Consellaría de Medio Rural que dirixía Alfredo Suárez Canal durante o bipartito BNG-PSOE na Xunta da Galiza, foron liquidadas a pesar de que outros Estados como Croacia o estudaran para emular. Segundo os datos do FEGA para 2018, na Galiza só houbo 136 beneficiarios e beneficiarias da asignación de dereitos de pago básico cunha superficie media de 5,91 has e un importe medio de 1.591,71€. Por cotexar con outros territorios, en Extremadura o importe medio foi de 7.902,58 €.

Temos unha estrutura territorial propia que cómpre defender, ordenar axeitadamente e permitir condicións de vida dignas para os nosos produtores. O noso país pasou de ser rural e

agrario a non ser nen unha cousa nen a outra cun ritmo de destrución do emprego agrario moi acusado nos últimos anos e sen ser balanceado por outros sectores, aumentando o desemprego, nomeadamente entre a mocidade e as mulleres; a emigración da mocidade ao estranxeiro; e o abandono e desmantelamento do rural. Proba disto é que nunha boa parte dos concellos rurais a porcentaxe de poboación activa dedicada á actividade agraria é porcentualmente cativa. Amais, aínda máis grave tendo en conta o noso pasado próximo, somos deficitarios na produción de todo tipo de alimentos.

4.2.- A Galiza precisa unha proposta propia e consensuada para a nova PAC.

Desde Por Chantada acreditamos que é mester que a Xunta e os concellos fagan forza para obtermos mudanzas e que traballen nunha proposta propia e consensuada co sector. As liñas para encetar ese necesario traballo son:

- Independentemente da negociación final do Marco Financeiro Plurianual da Unión Europea, Galiza ten que manter os fondos porque perdemos perceptores, dereitos, hectáreas admisíbeis, etc.
- Ter en conta o cofinanciamento nos fondos de Desenvolvemento Rural.
- Defender a desaparición dos dereitos históricos e do pago por hectárea¹².
- Asegurarse de que todas as persoas que se dedican á actividade agraria teñen acceso ás axudas en igualdade de condicións. Analizar quen está fora e corrixir a situación.
- Avanzar nun sistema de cálculo baseado nunha compensación á renda para as persoas con independencia da orientación produtiva e en función de determinados parámetros. Estudar a proposta do Goberno de Aragón e avanzar na propia.

Habería que cambiar completamente a estrutura dos pagos directos. Dispoñer de “dereitos” para ter pagos é absurdo. A obtención deses dereitos para as persoas mozas ou novas na agricultura e case imposible e as contías son ridículas, polo menos na Galiza coa estrutura territorial que temos. Isto é así por causa do propio procedemento de asignación de dereitos ás persoas incorporadas, pois recébase tantos dereitos da Reserva Nacional como hectáreas de terra se declaren na solicitude única. É un límite ás pequenas granxas, mais tamén é unha barreira infranqueábel para sectores como a horta, o viño etc. O feito de que o resto dos pagos dissociados dependan tamén de que se dispoña de dereitos, unido á dificultade de conseguir eses dereitos e ás características de moitas

¹² Nas actuais circunstancias tamén pode supoñer un pau para moitas exploracións galegas, tendo en conta a concentración de capitais e terras, se se eliminan os dereitos históricos sen reforzar o segundo pilar e as liñas de axuda de agroambiente e clima entre outras.

exploracións galegas, fai que teñamos persoas que se dedican exclusivamente á actividade agraria, mocidade, que cumpren requisitos agroambientais e que non teño acceso aos pagos directos. Isto provoca moita frustración e o descrédito destas políticas.

Por tanto as propostas do Sindicato Labrego Galego, que partillamos, é traballar en:

- **Un pago por agricultor/a xenuíno/a a título principal** cuns rendementos estimados menores ou iguais á renda de referencia.
- Estudar as posibilidades que ofrece o algoritmo de cálculo que elaborou o Gabinete do Conselleiro de Desenvolvemento Rural e sustentabilidade do Goberno de Aragón.
- A unidade de pago, se necesariamente ten que ser en has, sería a dimensión mínima que se pide para acadar 35% da renda de referencia nas incorporacións. No caso da dimensión mínima en cabezas de gando, traduciríase en hectáreas. Para as/os agricultoras/es xenuínos/as pluriactivos/as: a dimensión física mínima que se pide para acadar 15% da renda de referencia.
- Para poder cobrar a **axuda básica á renda**, unha exploración non pode ter máis persoas asalariadas que persoas titulares e debe ser necesario cumprir requisito de residencia no concello ou limítrofes.
- Non cobrarían as explotacións sen terra.
- En calquera caso, importe mínimo sería 60% da mediana dos ingresos estatais (calculado co valor de 2017: 8.871 euros). Para as persoas agricultoras xenuínas pluriactivas: 1/3 do importe.
- **Ás persoas que inician a súa actividade**, durante os cinco primeiros anos e para axudar realmente a súa instalación, incrementarían a axuda en 7.500 euros.
- **Ás persoas que vivan en zonas de alta montaña** incrementarían a súa axuda en 25% da axuda básica á renda.
- **Asegurar un mínimo relevo xeracional.** Co nivel de destrución de exploracións e de afiliacións ao SETA debería ser unha prioridade. Hai que asegurar, logo, que as axudas para persoas mozas ou doutras idades non só existan nos papeis e que se axusten ás necesidades das persoas. No caso galego, se estamos pedindo determinadas dimensións para as incorporacións, porque consideramos que poden ser viábeis, non pode ser que logo queden fóra das axudas do primeiro piar porque non teñen dimensión suficiente ou mocidade cobrando axudas anuais do primeiro piar por importe de 50 euros. **Propoñemos que as persoas mozas que sexan beneficiarias da axuda do segundo piar, cobren de xeito automático á axuda para o inicio de actividade do primeiro piar.** Para aquelas persoas

que non tiveron axudas para a incorporación, terían que solicitalo cuns requisitos iguais.

- **Asesoramento público e de balde** para mudar o modelo, a comezar revertendo o desmantelamento das oficinas de extensión agraria.
- O **acceso á terra** é un grave problema para a maioría das persoas que xa están na agricultura ou na gandería, mais para as novas incorporacións é case imposíbel. **Debería ser unha prioridade do Plan Estratéxico o aumento de Superficie Agraria Útil na Galiza** e dar facilidades para o acceso á terra ás persoas que a precisen para producir alimentos para as persoas ou para o gando.
- No tocante ao **Desenvolvemento Rural**, e sen entrar neste momento no deseño das medidas:
 - Axustar a publicidade ao verdadeiro significado destes fondos: cuantitativamente escasos, non poden por si sós resolver os problemas que atafegan o noso rural : despoboamento, incendios, abandono da actividade económica e a mingua de todo tipo de servizos de calidade para a poboación. O Estado e a Comunidade Autónoma deberán ter fondos propios se queremos atallar os problemas do rural galego.
 - Deben fixarse como prioridades:
 - O mantemento das persoas que hai neste momento e que se dedican a agricultura e a gandería. Non deberíamos permitir o feche de nengunha exploración máis no noso territorio.
 - O incremento do número de persoas que se dedican a agricultura e a gandería.
 - Apoio a diversificación.
 - Mantemento da superficie agraria útil e incremento do número de hectáreas de superficie agraria útil. Non deberíamos permitir o cambio de uso de ningunha ha máis a superficie florestal ou abandonada.
 - Apoio decidido en medios humanos e materiais para apoiar a transición cara sistemas agroecolóxicos.
 - Estabelecemento de topes para as axudas en investimentos para as empresas transformadoras e comercializadoras.
 - Non apoiar a gandería sen terra.
 - Innovar no sistema de axudas para as incorporacións á actividade agraria e gandeira.
 - Impulso decidido a compra pública de produtos locais e aos mercados de proximidade.
- Considerar no Plan Estratéxico **tipos sectoriais de intervención no sector apícola e vitivinícola axustados á realidade galega**. O sector vitivinícola beneficiase pouco destas axudas e non están axustadas ás dimensións da maioría dos e das viticultores/as e

adegueiros/as galegos/as: para os estándares son “minúsculas” e é dificilmente demostrábel a súa viabilidade nas dimensións europeas, mais manteñen a actividade económica en moitas zonas da Galiza, a paisaxe e son un complemento económico doutra actividade agraria ou dun salario por conta allea.

- Fechar a posibilidade de abrir tipos sectoriais de intervención a outros sectores cos obxectivos do artigo 59 da actual proposta de Regulamento dos Planos Estratéxicos, dado que supón a privatización definitiva do control das producións e da xestión das crises.
- Estabelecer xornadas específicas e xuntanzas para o Regulamento da Organización Común de Mercados, que nunca está presente e é fundamental para todos os sectores galegos. Tal e como se relatou resumidamente no anterior apartado da OCM, as modificacións previstas son pequenas pero, aínda así, afectan moito ao sector vitivinícola, ás Organizacións de Produtores, aos contratos, etc.

En definitiva, a PAC debería garantir que o diñeiro público se destine a compensar a xeración de bens e servizos públicos, cubrindo os custes adicionais asumidos por aqueles agricultores, gandeiras e silvicultoras que producen alimentos de calidade e sans mediante métodos de produción ecolóxica e/ou extensivos, á vez que conservan o chan, a auga e a biodiversidade, contribuíndo para mitigar os efectos das alteracións climáticas. A PAC debería tamén fomentar a economía circular, a reciclaxe de nutrientes e as canles de comercio de proximidade para unha contribución real para o clima. Debería apoiar a cadea de valor de local e a produción de alimentos en ecosistemas fráxilas (Rede Natura 2000 ou zonas de montaña) e apostar por mitigar o despoboamento das zonas rurais. Debería, en fin, garantir unhas relacións sociais xustas e equitativas, asegurando a igualdade de xénero, o relevo xeracional, a educación no consumo responsábel e a responsabilidade partillada entre produtores e consumidores.

Por todo o exposto anteriormente, o **grupo municipal Por Chantada-CUP** propón ao Pleno da Corporación do Concello de Chantada o seguinte **ACORDO**:

1.- Trasladar a exposición de motivos desta moción á Xunta da Galiza e ao Ministerio.

2.- Trasladar a exposición de motivos desta moción aos grupos políticos con representación no parlamento galego para que traballen en propostas da PAC que sexan boas para a Galiza e

expliquen á cidadanía do interior galego que defende os seus grupos na PAC.

Chantada, 17 de setembro de 2020.

Asdo.: Antom Fente Parada.

Voceiro de **Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular.**